

SANXENXOFALA

No outono, **TEATRO**

PAZO EMILIA PARDO BAZÁN



SÁBADO 18 DE SETEMBRO | 21,00 h

OS NOIVOS PARA CARLOTA

Grupo de teatro afeccionado Sua Vila (Club de Xubilados de Sanxenxo).

Esta obra trasládanos ao século pasado onde, nun ton humorístico, se amosa o interese das familias en preservar a distinción de clase social a través do matrimonio.

Todos os públicos.

DOMINGO 26 DE SETEMBRO | 19,00 h

A FAMILIA SEMPRE UNIDA

Grupo de teatro afeccionado Maruxía (Club de Xubilados de Portonovo).

D. Vidal é un vello ricachón que se pon moi enfermo. Toda a familia acode a súa casa por si chega o fatal desenlace e non quedar sen un cachiño de herdanza. Xa se sabe, nestes casos... a familia sempre unida, ou non!

Todos os públicos.

SÁBADO 2 DE OUTUBRO | 18,00 h

ANIMAIS DE COMPAÑÍA

Teatro do Noroeste.

Comedia musical onde, a modo de fábula moderna, se abordan as relacións humanas e se amosa a importancia do respecto ás diferenzas.

Público familiar.

SÁBADO 9 DE OUTUBRO | 21,00 h

REINO DA EXTINCIÓN

Amorodio Teatro.

Comedia hilarante que aborda a problemática da perda do noso patrimonio inmaterial e que busca reactivar esa conciencia no público.

Maiores de 14 anos.

LUNS 11 DE OUTUBRO | 21,00 h

ELISA E MARCELA. HISTORIAS QUE PARECEN CONTOS

Compañía A Panadaría.

Ano 1901, A Coruña. Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo, unha delas vestidas de home. Unha historia de perse-

cucións policiais, fixidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas. Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

Maiores de 12 anos.

Organiza: Fondo Xacobeo 21-22, Secretaría Xeral de Política Lingüística.

VENRES 22 DE OUTUBRO | 20,00 h

XELA ARIAS. POETA NAS MARXES

Proxección audiovisual do documental homónimo dirixido por Beatriz Pereira arredor da autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

Todos os públicos.

Organiza: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

SÁBADO 6 DE NOVEMBRO | 18,00 h

MAI MAI

Baobab Teatro.

Unha muller forte e emprendedora e un famoso fotógrafo comezan unha viaxe por separado para atopar o último panda do planeta, toda unha aventura na que se atoparán unha chea de problemas que solventar...

Público familiar.

Organiza: Programa Tornar ás táboas, Deputación de Pontevedra.

DOMINGO 14 DE NOVEMBRO | 18,00 h

DREAMING JULIET

Compañía Elefante Elegante.

DREAMING JULIET inspírase en "Romeo e Xulieta" de William Shakespeare para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana: O Amor.

Maiores de 12 anos.

Organiza: Fondo Xacobeo 21-22, Secretaría Xeral de Política Lingüística.

ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR AFORO.

Reserva de entradas no 986 727 936.



CONCELLO DE
SANXENXO



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

galego